

MISA CON NENOS

14 de maio de 2017

PASCUA 5-A

Xoán 14, 1-12: Eu son o camiño e a verdade e a vida.

Mensaxe: Deus Pai en min e eu en vós.

Póño-me nas túas mans, **MÓVEME!**



1. ACOLLIDA

Irmáns e irmás: Sede todos benvidos a esta eucaristía do 5º Domingo de Pascua. No medio do atafego dos quefaceres e traballos semanais Xesús dinos hoxe: "non perdades a calma: crede en Deus e en min". E para acentuar a razón que temos para non perder a calma, malia as dúbidas ou dificultades, insístenos: "eu son o camiño, a verdade e a vida".

O Tempo de Pascua vai transcorrendo e nós sabemos tamén que esperamos o Espírito Santo. O día de Pentecoste, xa non moi afastado, recibiremos o que o Resucitado nos envía: Aquel que nolo ensinará todo. E ante iso iniciemos, pois, con gran leducia a nosa celebración.

-No nome do Pai ... O Señor que resucitou de entre os mortos, sexa convosco.

(Podemos destacar un unha mochila cun adhesivo de Xesús e unha frase: "eu son o camiño, a verdade e a vida").

2. PERDÓN ou ASPERSIÓN (Se non se fai a aspersion)

Pidamos perdón a Deus polas nosas dúbidas e pecados:

-Ti dixeches "eu son o camiño". Polas veces que non seguimos as túas pegadas, dicímosche: **Señor, ten piedade!**

-Ti afirmaches "eu son a verdade". Polos nosos erros e polas nosas mentiras, rogámosche: **Cristo, ten piedade!**

-Ti dixeches "eu son a vida". Polas veces que preferimos a falsidade e o pecado, pedímosche: **Señor, ten piedade!**

Que Deus, noso Pai, nos purifique do pecado e nos faga dignos de participar desta Eucaristía.

3. ORACIÓN DA COMUNIDADE

Presentemos ao Señor as nosas súplicas, dicindo: -Escóitanos, Señor.

1. **Polo Papa Francisco.** Para que o Espírito Santo o asista e o encha de esperanza e de amor. **Oremos.**


2. **Por todos os cristiáns.** Para que Cristo sexa o Camiño, o centro e fundamento do que somos e cremos. **Oremos.**

3. **Por todos os que menten e maquillan a verdade.** Para que construíamos un mundo baseado na Verdade que é Cristo. **Oremos.**

4. **Por todos os que sementan a morte,** polos países en guerra, polos que non atopan sentido á vida. Para que mirando ao ceo defendamos a Vida sobre a morte. **Oremos.**

5. **Por todos os que pensan que poden solucionar os males do mundo.** Para que sexan máis humildes. Para que non esquezan que Deus nos guía e espera con amor a mirada de todos os homes e mulleres. **Oremos.**

Por XCNS.



4. OFRENDAS

-MAPA, LANTERNA E BOCADILLO: Xesús, non queremos apartarnos do teu lado, guía nosa vida cada día. Ti es o Camiño (ensínase o mapa), a Verdade (a lanterna) e o alimento para a Vida (bocadillo)

-PAN E VIÑO: No pan e o viño faise presente Xesús cada domingo na eucaristía. Axúdanos a valorala máis.

6. VÍDEOS O PPW PARA ESTE DOMINGO: Domingo 5º de Pascua

-Xoán 14:1-12: https://www.youtube.com/watch?v=RE9y1qjNw_M

-Eu son o camiño a verdade e a vida, canto: <https://www.youtube.com/watch?v=cN1F4BJr7nM>